

A MALETA MARIÑEIRA



EXPLORANDO OS OCÉANOS

A MALETA MARIÑEIRA

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), a través do seu **Centro de Documentación Ambiental**, pon a disposición de todos os centros educativos de educación primaria e secundaria unha colección de libros informativos e álbums ilustrados sobre a temática do medio mariño.



14 VIDA SUBMARINA

As maletas nacen co obxectivo de dar a coñecer promover a cultura mariña e o coñecemento dos océanos na comunidade educativa, así como as actuais problemáticas ambientais que ameazan a súa conservación, como a emerxencia climática ou o lixo mariño. Un recurso de apoio e complementario ao traballo desenvolvido nas aulas, co fin último de fomentar a reflexión e a adopción de actitudes e comportamentos positivos cara á conservación dos océanos.

As maletas mariñeiras forman parte do programa 'Por unha Transición Ecolóxica' que o CEIDA desenvolve co apoio da Deputación da Coruña, e apoian o Obxectivo número 14 "Vida submariña" dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para o ano 2030 (Axenda 2030), cuxa finalidade é conservar e empregar de forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños.

LIBROS 3º EDUCACIÓN PRIMARIA-SECUNDARIA




O libro dos océanos: que ameaza o mar?

Autora: Esther Gonstalla

Editorial: Catro Ventos

Ano: 2018

Sinopse: Verteduras de petróleo, sobrepesca, illas de refugallos plásticos... Hai tempo que os nosos mares deixaron de ser fonte de saúde, alimento e benestar. Nas últimas décadas, a contaminación e o espolio dos océanos aumentaron de forma notable. Mais cal é o auténtico estado do meirande ecosistema da Terra? Este libro permitiranos comprender mellor as relacións que existen entre a actividade humana e os cambios que sofre o mar, un retrato que, alén de convidar á reflexión, convértese nun recurso para a acción.




Inventario dos mares

Autora: Virginie Aladjidi, Emmanuelle Tchoukriel

Editorial: Faktoría K de Libros

Ano: 2018

Sinopse: Unha práctica guía da rica biodiversidade mariña que reúne un centenar de animais e plantas, algúns en perigo de extinción. Unha obra que fomenta a curiosidade e a sensibilización polo medio natural e a súa conservación..



Océanos e mares

Autor: Nicola Davies.

Editorial: Baía

Ano: 2007

Sinopse: Descubre por que a auga do mar é salgada. Mergúllate coas estrañas criaturas das profundidades. Este libro introducirá aos rapaces e rapazas no coñecemento do mundo dos océanos e mares, propoñendo, ao tempo, diversas actividades prácticas.



Los océanos en 30 segundos

Autor: Jen Green

Editorial: Blume

Ano: 2016

Sinopse: Descubre asombrosos ecosistemas e hábitats mariños xunto coas criaturas que os habitan; aprende como as ondas mariñas, o vento e o clima modelan a superficie da

Terra; e explora as augas mariñas dende a superficie iluminada polo sol ata os profundos abismos oceánicos.



Exploradores del océano: secretos de las profundidades marinas


Autoras: Sabrina Weiss, Giulia de Amicis

Editorial: Vicens Vives

Ano: 2018

Sinopse: Este libro recolle os secretos e misterios das

profundidades mariñas explicadas con poucas palabras. Datos científicos comprensibles con infografía e ilustracións que axudarán a comprender todos os enigmas que agochan os océanos.



Guía de la costa

Autora: Maya Plass

Editorial: SM

Ano: 2018

Sinopse: Gústache explorar a praia? Sabes que provoca as mareas? Algunha vez preguntácheste como se forman os seixos? ou que se esconde dentro dunha poza? A costa está chea todo tipo de seres vivos. Unha guía para interpretar pegadas, identificar rastros e descubrir os segredos que agocha o mar.



50 ideas cruciales sobre el mar y su importancia para la vida en la tierra

Autores: Yueng-Djern Lenn, Mattias Green.

Editorial: Blume

Ano: 2021

Sinopse: Máis de dous tercios do noso planeta están cubertos de auga, pero canto sabemos sobre os océanos, a súa formación e o seu funcionamento? Mergúllate neste libro para descubrir por que o mar é tan importante para a vida na Terra, xa que determina o noso clima e acolle unha abundante vida mariña, e cal é o verdadeiro impacto da contaminación e o cambio climático neste valioso recurso.




El profesor Astro Cat en las profundidades del océano

Autores: Dominic Walliman, Ben Newman.

Editorial: Barbara Fiore

Ano: 2020

Sinopse: Neste álbúm os autores tratan de unir ciencia e ilustración para desvelarnos un mundo acuático repleto de vida. Vida que se agocha nas profundidades do océano ou preto das costas, e que hoxe está ameazaa polas accións humanas. Para reflexionar e contribuir con sinxelas accións a salvagardar o ecosistema mariño.



Océanos

Autores: John Farndon, Barbara Taylor

Editorial: SM

Ano: 2011

Sinopse: Explora o apaixonante mundo océano e descubre os segredos do hábitat máis poboado e descoñecido da Terra. Coñece a súa flora e fauna a través de fotografías, ilustracións e diagramas que axudarán a comprender mellor a diversidade oceánica.



Alén do azul: o mundo submarino da ría de Vigo


Autoras: Sara Carrasco, Silvia Iglesias

Editorial: Catro Ventos

Ano: 2020

Sinopse: Mergullarse na ría de Vigo é visita un mundo próximo baixo outra luz

no que habitan flores que son vermes, expertos da camuflaxe ou alfombras verdes de pradarias. O mundo submarino da ría de Vigo é unha viaxe que nos levará a coñecer as paisaxes submarinas e os seres que habitan nos fondos mariños galegos, por medio de espectaculares fotografías, ilustracións ao




Un mar de plásticos

Autoras: Kirsti Blom, Geir Wing Gabrielsen

Editorial: Takatuka

Ano: 2018

Sinopse: Este libro expón como o océano estase a converter nun vertedoiro que afecta gravemente á saúde da fauna e flora mariñas. A historia dun fulmar, unha ave mariña que habita as costas do Atlántico Norte, convértese en fío conductor para explicar as consecuencias do emprego masivo e irresponsable do plástico e a necesidade de limitar drásticamente o seu uso.




Plásticos marítimos: unha especie invasora

Autora: Ana Pêgo, Isabel Minhós Martins, Bernardo P. Carvalho

Editorial: Kalandraka

Ano: 2020

Sinopse: No mundo faltan problemas en busca de solución. Así comeza este libro, escrito co fin de coñecer mellor o problema dos plásticos nos océanos e aprender a actuar da mellor forma posible para minimizalo.



La vida en el océano : secretos y curiosidades del mundo marino

Autora: Julia Rothman.

Editorial: Errata naturae

Ano: 2021

Sinopse: Magnífico recorrido polos océanos do mundo: os seus arrecifes de coral, os mares rexionais polares, as súas profundidades, as criaturas mariñas que nel habitan...

Combinando arte e ciencia, observa tamén as embarcacións e os faros que salpican as costas, ademáis do impacto do plástico ou o quentamento global.



Restos de fauna y flora marinas en las playas: introducción a las especies ibéricas, baleares y canarias

Autor: Víctor J. Herández.

Editorial: Tundra

Ano: 2021

Sinopse: guía desplegable de introducción ao recoñecemento dos restos de flora e fauna que podemos atopar nas praias. Con láminas de identificación dos restos mariños máis frecuentes e característicos, e apartados sobre onde atopalos, estudo e colección.

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

O Centro de Documentación Ambiental do CEIDA é o único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia.

As maletas viaxeiras non son o único servizo que ofrece aos centros de ensino galegos. Conta con máis de 28.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio para a realización de actividades de carácter ambiental ou para profundizar nos contidos recollidos nesta selección de lecturas verdes.

ACCEDE AO CATÁLOGO EN LIÑA:

<https://documentacion.ceida.org>

CONTACTA CO PERSOAL DO CENTRO:

documentacion@ceida.org - 981 630 618